

RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE RECURSOS CONTRACTUAIS DO PARLAMENTO DE GALICIA

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, regula no seu artigo 51 a forma e lugar de interposición do recurso especial en materia de contratación.

Este artigo sinala no seu apartado 4 que o órgano competente para a resolución do recurso fará públicas a través da súa páxina web, mediante resolución do seu Presidente, as direccións de rexistro nas que debe facerse a presentación dos escritos para entendela efectuada ante o propio Tribunal.

Co fin de facer efectivo o disposto neste precepto e para os efectos do establecido na citada Lei ao respecto da tramitación do recurso especial en materia de contratación,

RESOLVO

1º.- Dispoñer que se fagan públicas na web do Parlamento de Galicia as seguintes direccións de Rexistro:

-Rexistro electrónico Sede electrónica do Parlamento de Galicia
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/guia-procedementos>

-Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia: Rúa Hórreo nº 63, 15701 Santiago.
Horario: Luns a venres 9,30h a 14,00h e 16,30h a 18,30h. Sábados: 10,00h. a 13,00h.

2º.-Trasladar a presente resolución para o seu coñecemento e efectos, ao Servicio de Tecnoloxías da Información, ao Servicio de Asistencia Parlamentaria e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2022.

O Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais

Firmado por SARMIENTO MENDEZ JOSE ANTONIO -
***5049** el día 29/04/2022 con un certificado
emitido por AC FNMT Usuarios





Asinado dixitalmente por:

SARMIENTO MENDEZ JOSE ANTONIO - 34950499K na data 29/04/2022 11:55:00

